Por non resultar posible practicar a notificación persoal ao interesado no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícase a Diop Babacar, con domicilio en Avenida de Vigo 16, 3º C - Pontevedra, a proposta de sanción de 7 de xuño, dictada pola Sra. instructora do expediente 4/2012 – Infracción do Regulamento de venda ambulante, tendo de manifesto o citado expediente na Secretaría do Concello durante as horas de oficina.

No expediente sancionador incoado mediante Resolución da Alcaldía de 10 de febreiro, a Diop Babacar, como presunto responsable dos feitos consistentes en realizar a venda ambulante de artigos de roupa carecendo de licencia municipal na Avenida de Ourense 102, o 18 de xaneiro de 2012; nomeada Instructora e Secretaria, sin que notificado o inculpado promovese recusación, instrueuse o oportuno procedemento para o esclarecemento dos feitos. No prazo de audiencia concedido aos efectos o infractor non formulou alegacións á incoación do expediente.

Da denuncia do Servicio da Policía Local queda probada a comisión dos feitos, polo que ó considerar que o expediente tramitóuse correctamente, observándose as prescripcións legais do Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real Decreto 1398/93, de 4 de agosto, e en base ós seguintes fundamentos xurídicos:

I.—O artigo 25 do Regulamento de venda ambulante do Concello de Marín, califica como falta moi grave "O exercizo da venda ambulante sen autorización", infracción que segundo o artigo 26 do antedito regulamento poderá sancionarse con multa de 201 euros a 400 euros.

II.—O artigo 13.2) do Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, establece que o acordo de iniciación comunicaráse ó Instructor e notificaráse ó denunciante, no seu caso, e ós interesados, que de non efectuar alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento nun prazo de quince días, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución, ó conter un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, todo o cal consta na Resolución da Alcaldía de incoación do expediente.

A Instructora do expediente formula á Alcaldía a seguinte Proposta:

1º.—Sancionar a Diop Babacar, pola comisión dunha infracción consistente en realizar a venda ambulante de artigos de roupa carecendo de licencia municipal na Avenida de Ourense 102, o 18 de xaneiro de 2012 coa sanción prevista no artigo 26 do Regulamento de venda ambulante do Concello de Marín, que ascenderá ó importe de 201 euros.

A imposición de dita sanción é competencia da Sra. Alcaldesa, de conformidade co artigo 10 do Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, aprobado por Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, e co artigo 21.1.n) da Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

2º- Notificar esta proposta ós interesados no expediente acompañando á mesma unha relación dos documentos obrantes no procedemento, dos que poden obte-las copias que coiden convenientes, concedéndolles un prazo de quince días, a contar dende o seguinte ó que reciban a notificación para formular alegacions e presenta-los documentos e alegacións que estimen pertinentes perante o instructor do expediente, todo elo en cumprimento do establecido polo artigo 19 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora."

Marín, 13 de xullo de 2012.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez. **2012007078**

E D I C T O

Notificación propuesta de sanción

Expte.: 1/2012 – Infracción do Regulamento de venda ambulante.

Por non resultar posible practicar a notificación persoal ao interesado no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícase a Juan Carlos Fernández Salazar, con domicilio en Caracol 21 - 1º A - Marín, a Resolución da Alcaldía de 2 de xullo no expediente 1/2012 – Infracción do Regulamento de venda ambulante, tendo de manifesto o citado expediente na Secretaría do Concello durante as horas de oficina.

Vista a proposta de sanción referida ó expediente sancionador incoado a Juan Carlos Fernández Salazar, como responsable dos feitos consistentes en: realizar a venda ambulante de artigos de roupa carecendo de licencia municipal na Avenida de Ourense 102, o 18 de xaneiro de 2012 que constitúen infracción establecida no artigo 25 do Regulamento de Venda Ambulante do Concello de Marín (BOP nº 101 de 27.05.08 e BOP nº 160 de 20.08.08).

Resultando: Que está acreditada suficientemente a veracidade dos feitos segundo consta na denuncia administrativa da Policía Local obrante no expediente.

Resultando: Que tanto no prazo de audiencia concedido ó interesado no trámite de incoación do expediente como no prazo concedido no trámite da proposta de sanción, non se formularon alegacións.

Considerando: Que o expediente tramitouse conforme o establecido no Real Decreto 1198/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

Considerando: Que nos feitos constatados non concurren circunstancias agravantes, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 21.n) da Lei 11/99 de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Resolve:

1º.—Impoñer unha sanción de multa a Juan Carlos Fernández Salazar, por importe de 201 euros, como responsable dos feitos consistentes en: realizar a venda ambulante de artigos de roupa carecendo de licencia municipal na Avenida de Ourense 102, o 18 de xaneiro de 2012 que constitúen infracción establecida no artigo 25 do Regulamento de Venda Ambulante do Concello de Marín (BOP nº 101 de 27.05.08 e BOP nº 160 de 20.08.08).

Marín, 13 de xullo de 2012.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez. **2012007079**

* * *

MEIS

E D I C T O

Al no ser posible realizar la notificación personal a las personas interesadas que se indican al pie de este edicto, de conformidad con los artículos 59.4 y 60 de la Ley 30/1992, del 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, se procede a la notificación mediante este anuncio a publicar en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de este Concello:

De acuerdo con el art. 72 del Reglamento de Población, así como de conformidad con las normas para la gestión y revisión del padrón municipal de habitantes, es necesario que manifieste en el plazo de diez días desde la fecha de notificación, cual es su inscripción padronal actual. De no recibir contestación suya en ese plazo, entenderemos que usted está de acuerdo con su baja por inscripción indebida.

Nome e apelidos:

Marta Barros Lemos
Juan Manuel González Martínez
Acnedis Josefina Díaz Flores
Aline Rodrigues Santos
Vasyl Kuruts
María Liliana Triana Muñoz
Marildo Silva Firmino
Gessica Carolina Romero Gamarra
Zulma Teresa Alvarenga Benítez
Lucivaldo Oliveira Oliveira
María Alcira del Carmen Moreno Mora

Meis, 17 de julio de 2012.—El Alcalde, José Luis Pérez Estévez.

E D I C T O

Al no ser posible realizar la notificación personal a las personas interesadas que se indican al pie de este edicto, de conformidad con los artículos 59.4 y 60 de la Ley 30/1992, del 26 de noviembre, de régimen

jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, se procede a la notificación mediante este anuncio a publicar en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de este Concello:

De acuerdo con el art. 72 del Reglamento de Población, así como de conformidad con las normas para la gestión y revisión del padrón municipal de habitantes, es necesario que manifieste en el plazo de diez días desde la fecha de notificación, cual es su inscripción padronal actual. De no recibir contestación suya en ese plazo, entenderemos que usted está de acuerdo con su baja por inscripción indebida.

Nome e apelidos:

José Manuel Vieites Chaves
Jaime Fernando de Amorim Lopes
Sofía Abal Pérez
José Muñiz Martínez
Fernando Jorge Antunes Pereira
Simon Paul Roberts
Edith Torres Neira
Giovanni Petri
Bouchaib Namiri
Rachida Nazih
Mohamed Namiri
Nabil Namiri
Youssef Namiri
El Mehdi Namiri

Meis, 19 de julio de 2012.—El Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2012007075**

* * *

MOS

ANUNCIO

Aprobada inicialmente por acordo plenario de data 19.07.2012 a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de alcantarillado, exponse ao público durante un prazo de 30 días dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Finalizado o prazo de exposición pública, de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo.

Mos, a 20.07.2012.—A Alcaldía, Nidia Arévalo Gómez. **2012007259**

ANUNCIO

Aprobada inicialmente por acordo plenario de data 19.07.2012 a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar, exponse ao público durante un prazo de 30 días dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Finalizado o prazo de exposición pública, de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo.

Mos, a 20.07.2012.—A Alcaldía, Nidia Arévalo Gómez. **2012007271**

* * *

NIGRÁN

Notificación

Por Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño de 2012, acórdase requirirlle a Riferpro, S.L. para que nun prazo de tres meses, a contares dende a data de notificación da presente resolución, proceda voluntariamente á demolición parcial da parte da construcción que invade a parcela lindeira, impedindo definitivamente os usos aos que aquelas desen lugar (expte RLU 11/0375 U).

O que, de conformidade co artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se notifica, mediante a publicación da parte dispositiva das resolucións mecionadas, podendo tomar coñecemento do seu texto íntegro na oficina de Urbanismo do Concello de Nigrán no prazo de dez días contados a partires da publicación deste anuncio.

Nigrán, 11 de xullo de 2012.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez. **2012007073**

* * *

O PORRIÑO

A N U N C I O

O Pleno da Corporación municipal do Porriño, en sesión ordinaria de data 28/06/12 aprobou inicialmente a Ordenanza de Servicios mediante acordo que ten o seguinte contido literal.

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora de Servicios no Concello do Porriño.

2º) Someter o expediente a información pública por un prazo de trinta días mediante publicación no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de edictos do Concello ós efectos de que polos interesados se presenten reclamacións e suxerencias que se estimen por convintes.

3º) En caso de que non se presenten reclamacións e suxerencias entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisoria.

O que se fai público para o xeral coñecemento para que os interesados presenten as alegacións, reclamacións e suxestións que estimen convintes, en cumprimento do estipulado pola lexislación vixente.

O Porriño, a 3 de xullo de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay. **2012007080**

A N U N C I O

O Pleno da Corporación municipal do Porriño, en sesión ordinaria de data 28 de xuño de 2012, aprobou inicialmente a ordenanza municipal reguladora de circulación e tráfico, acordo que ten o seguinte contido literal.

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora de Circulación e Tráfico no Concello do Porriño.

2º) Someter o expediente a información pública por un prazo de 30 días mediante publicación no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de edictos do concello ós efectos de que polos interesados se presenten as reclamacións e suxerencias que se estimen por convintes.

3º) En caso de que non se presentasen reclamacións e suxerencias entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisoria.

O que se fai público para o xeral coñecemento para que os interesados presenten as alegacións, reclamacións e suxestións que estimen convintes, en cumprimento do estipulado pola lexislación vixente.

O Porriño, a 9 de xullo de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay. **2012007081**

A N U N C I O

Polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria de data 28 de xuño de dous mil doce, acordouse inicialmente a modificación da "Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas Pola Concesion das Licenzas para Construccións, Instalacións e Obras."

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este expediente estará exposto ó público na Secretaría deste Concello, por un período de trinta días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P., para que tódolos que teñan a condición de interesados poidan examinalo e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

O Porriño, 16 de xullo de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay. **2012007082**

A N U N C I O

Polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria de data 28 de xuño de dous mil doce, acordouse inicialmente a modificación da "Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras."

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este expediente estará exposto ó público na Secretaría deste Concello, por un período de trinta días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P., para que tódolos que teñan a condición de interesados poidan examinalo e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

O Porriño, 16 de xullo de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay. **2012007083**

A N U N C I O

Polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria de data 28 de xuño de dous mil doce, acordouse inicialmente a modificación da "Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Aperturas de Establecementos".

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este expediente estará exposto ó público na Secretaría deste Concello, por un período de trinta días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P., para que tódolos que teñan a condición de interesados poidan examinalo e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

O Porriño, 16 de xullo de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay. **2012007084**

A N U N C I O

O Pleno da Corporación municipal do Porriño, en sesión ordinaria de data 28 de xuño de 2012, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora da concesión de subvencións á execución de contruccións, edificacións, rehabilitacións e urbanizacións executadas con granito ornamental rosa de O Porriño mediante acordo que ten o seguinte contido literal.

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da Concesión de Subvencións á Execución de Construccións, Edificacións, Rehabilitacións e Urbanizacións Executadas con Granito Ornamental rosa de O Porriño.

2º) Someter o expediente a información pública por un prazo de 30 días mediante publicación no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de edictos do Concello aos efectos de que polos interesados se presenten as reclamacións e suxerencias que se estimen por convintes.

3º) En caso de que non se presentasen reclamacións e suxerencias entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisoria.

O que se fai público para o xeral coñecemento para que os interesados presenten as alegacións, reclamacións e suxestións que estimen convintes, en cumprimento do estipulado pola lexislación vixente.

O Porriño, a 3 de xullo de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay. **2012007085**

* * *

PONTE CALDELAS

Anuncio de Aprobación Provisional do Regulamento do servizo do Pavillón Municipal de Deportes.

Aprobado inicialmente o Regulamento do servizo do pavillón municipal de deportes en sesión plenaria celebrada o 19 de xullo de 2012, sométese a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, e faise público que dito regulamento foi exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, segundo establece o Art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. De non presentarse reclamación ningunha, durante dito prazo, entenderase definitivamente aprobado.

En Ponte Caldelas, 20 de xullo de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2012007125**

Anuncio de Aprobación Provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

O Pleno do Concello de Ponte Caldelas, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2012, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar. E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaran reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

En Ponte Caldelas, 20 de xullo de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2012007127**

Anuncio de Aprobación Provisional da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización do Pavillón Municipal de Deportes.

O Pleno do Concello de Ponte Caldelas, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2012, acordou o establecemento da Taxa pola utilización do pavillón municipal de deportes e a aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da mesma. E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a

contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaran reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

En Ponte Caldelas, 20 de xullo de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2012007128**

* * *

REDONDELA

ANUNCIO

O Padrón de ocupantes e cotas, correspondente o ano 2012, por reserva de posto na vía pública os días de Feira, aprobado por Resolucion da Alcaldía do día 19 xullo de 2012, estará a disposición do público no Servicio de Xestión Tributaria deste Concello durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación do mesmo no BOP (Boletín Oficial da Provincia), podendo as persoas interesadas examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública do Padrón.

De conformidade co disposto no artigo 12 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de julio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario do Padrón fiscal correspondentes ao exercicio do 2012, (FEIRA) será o comprendido entre o 27 de xullo de 2012 e o 27 de setembro de 2012, ambos inclusive, no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

Os tributos deberán satisfacerse a través das entidades colaboradoras, Novagaliciabanco, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que recibirá o contribuínte por correo ordinario no domicilio declarado. Os contribuíntes que a 27 de agosto de 2012 ,non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 27 de setembro de 2012 para os solicitar na oficina de Recadación Municipal do Concello de Redondela e efectuar así o pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán exisidas polo procedemento de constrinximento e producirán as recargas do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, as custas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Redondela, a 19 xullo 2012.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira. **2012007254**

* * *

SALVATERRA DE MIÑO

ANUNCIO

Resolución de 20 de xullo de 2012, do Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra), pola que se establece data para o levantamento da acta previa á ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de "Saneamento Integral de Salvaterra de Miño".

Por Decreto 140/2012, de 21 de xuño, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, declara urxente a ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de " Saneamento Integral de Salvaterra de Miño".

De acordo co disposto no artigo 52 da vixente Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 e 57 e seguintes do seu Regulamento e en cumprimento de Decreto da Alcaldía do día da data, resólvese convocar aos titulares de bens e dereitos afectados para que comparezan no lugar, data e hora que se citan para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados e os prerxuizos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de que se trasladen ás fincas se se considera necesario.

O levantamento das actas terá lugar no Salón de Actas da Casa do Concello, sita en Praza da Constitución nº 1 da vila de Salvaterra, ás 10 horas, o día 9 de agosto, do presente ano.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes, estarán expostos na Oficina Técnica do Concello de Salvaterra de Miño (Praza da Constitución, 1, Salvaterra).

Ao devandito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados por persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, aportando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade e e último recibo do IBI, podendo facerse acompañar, pola súa conta, se o estiman oportuno, dos seus Peritos e Notario.

Asi mesmo, e en cumprimento do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, ábrese información pública ata o momento do levantamento das actas previas á ocupación correspondente, a fin de que os interesados poidan formular por escrito, diante deste Concello, as alegacións que estimen pertinentes ao obxecto de enmendar posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

RELACIÓN DE PROPIETARIOS AFECTADOS

Nº	*PARAXE*	*NOME E APELIDOS*	*DOMICILIO*	*POBOACIÓN*	*EXPROPIACIÓN SUPERFICIE M2*	*OCUPACIÓN TEMPORAL SUPERFICIE M2*
1	Freixendo	Marcelina Souto González	Cantín, 51	Mos	68,89	58,86
2	Freixendo	Benjamín Rey Vitorino	Couto, 31	Salvaterra	48,03	25,32
3	Freixendo	Donato Rey Abril	R/ Dr. Fdez Vega, nº 10 – 3º B	Ponteareas	25,97	25,62
4	Freixendo	Isidoro Moure Alonso	Freixendo, 10	Salvaterra	15,83	46,75
5	Freixendo	Isaac Pérez Abril	Cantín, 51	Mos	8,28	11,20
6	Freixendo	Dolores Espósito Porto en n/ e r/ de Hdros de Dolores Porto Abril	Camiño dos Medeiros, 36-2º	Vigo	14,36	14,52
7	Freixendo	María Encarnación Rodríguez Domínguez	Couto, 9	Salvaterra	15,18	15,42
8	Freixendo	Antonio Abril Rodríguez	Couto, 24	Salvaterra	12,2	12,31
9	Couto	Eduardo Rey Abril	Couto, 2	Salvaterra	9,07	10,32
10	Freixendo	María Encarnación Rodríguez Domínguez	Couto, 24	Salvaterra	24,52	19,89
11	Couto	Benjamín Rey Vitorino	Couto, 31	Salvaterra	12,06	17,6
12	Couto	Desconocido	___	___	49,6	28,88
13	Couto	Emérita Moure Alonso	Couto, 2	Salvaterra	161,92	180,7
14	Couto	María Pilar Pérez Souto	Cantín, 51	Mos	0,16	10,63
15	Couto	Isidoro Moure Alonso	Freixendo, 10	Salvaterra	142,00	132,00
16	Pombal	Emérita Moure Alonso	Couto, 2	Salvaterra	133,71	100,5
17	Couto	María Castro Abril	R/Coruña, nº 20 - 5º A	Vigo	43,66	44,43
18	Couto	María Osita Céspedes Vaqueiro	Ermitas, 3	Salvaterra	21,02	18,62

O que se fai público aos efectos previstos no artigo 52, regla 2ª, da Lei de Expropiación Forzosa e, en canto á eficacia das notificacións no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Salvaterra de Miño, a 20 de xullo de 2012.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2012007112**

❋ ❋ ❋

TOMIÑO

1.—O Pleno do Excmo. Concello de Tomiño, en sesión do 24 de maio de 2012 adoptou entre outros ,o acordó de Acordo provisional ordenanza reguladora das licenzas de primeira ocupación.

2.—No Boletín Oficial da Provincia de 1 de xuño de 2012 nº 105 foi insertado o correspondente Edicto aos efectos de reclamacions polo prazo de 30 dias sen que no mesmo se presentasen reclamaciones ou

alegacions ao respecto polo que de conformidade co acordado no Pleno entendese a citada ordenanza aprobada co caracter definitivo

3.—Que aos mencionados efectos foi publicado igualmente o correspondente edicto no Diario Atlántico o día 31 de maio de 2012.

Así pois prócedese á publicacion da presente Ordenanza que entrará en vigor una vez transcorridos quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra do acordo de aprobación definitiva e do texto íntegro da mesma; todo elo de conformidade con lo previsto en el artigo 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO OUTORGAMIENTO DE LICENZAS DE OCUPACIÓN E PRIMERA UTILIZACIÓN DOS EDIFICIOS, CONSTRUCIÓNS, ESTABLECEMENTOS E INSTALACIÓNS EN XERAL, NO MUNICIPIO DE TOMIÑO.

A Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, Lei 9/2002 e seguintes modificacións, establece no seu artigo 194 a necesidade de obtención da previa licenza municipal para a primeira utilización dos edificios e cando exista modificación do uso dos mesmos. Establece así mesmo a obriga das empresas subministradoras de esixir as correspondentes licenzas para a contratación dos respectivos servizos urbanísticos, segundo resulten precisas.

No artigo 195 da citada lei, establecese a esixencia de achega-lo certificado final de obra asinado por técnico competente, no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan a licenza concedida, establécese tamén a previa visita de comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

No marco da normativa autonómica de aplicación, o Regulamento de Disciplina Urbanística D 28/1999, establece no seu artigo 9 que a licenza urbanística ten por finalidade a comprobación do axuste dos actos de edificación e uso do solo proxectados e os previstos no ordenamento urbanístico; verificando o axeitamento do aproveitamento urbanístico, os usos previstos e as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade. No artigo 10 establécese a obriga de obter licenza previa á primeira utilización ou ocupación, así como á modificación, dos edificios e instalacións en xeral.

No marco da normativa estatal, compre destacar o Real Decreto-Ley 8/2011 de 1 de xullo, no que se establece o "silencio negativo" para os procedementos administrativos de primeira ocupación das edificacións de nova planta e das "casas prefabricadas"; obrigando aos notarios e rexistradores a obtención de resolución expresa das administracións actuantes, ben por concesión das citadas licenzas ou ben por declaración expresa de fora de ordenación, coas consecuencias administrativas e patrimoniais que supón a citada declaración expresa.

Este texto, ademais ten modificado o artigo 20 do texto refundido da lei do solo, contido no Real Decreto Lexislativo 2/2008, para a autorización de escrituras de declaración de obra nova terminada, deben acreditarse os seguintes aspectos:

— Certificación acreditativa expedida por técnico competente no que se acredite a finalización da construción conforme á descrición do proxecto,

— Acreditación do cumprimento de tódolos requisitos impostos pola lexislación reguladora da edificación para a entrega da mesma aos usuarios e

— Outorgamento das autorizacións administrativas precisas para garantir que a edificación cumpre as condicións precisas para uso previsto na ordenación urbanística e os requisitos de eficiencia enerxética.

A licenza de primeira ocupación ten como obxectivo permiti-la ocupación das edificacións e o seu uso, posibilitando a contratación dos servizos urbanísticos precisos: abastecemento de auga, conexión co saneamento, subministro de enerxía eléctrica, de gas, de servizos de telecomunicacións, etc.

Para posibilita-la material ocupación do inmoble, debe garantirse que este cumpre coas óptimas condicións de habitabilidade, salubridade, seguridade e solidez que deben quedar garantidas por técnico

competente, así mesmo, debe comprobarse a conformidade entre o proxecto construtivo que foi obxecto de licenza de obras pola Administración e o realmente executado.

Sen embargo, non hai regulación específica que determine o contido documental e os criterios legais para o outorgamento da licenza de primeira ocupación, co gallo de suplir esta falla de concreción lexislativa, procédese a aprobar a presente Ordenanza.

TÍTULO I.—DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.—OBXECTO.

A presente Ordenanza ten por obxecto establece-los requisitos e o procedemento para o outorgamento das licenzas de ocupación e primeira utilización de edificios, establecementos e instalacións en xeral no Concello de Tomiño, segundo se dispón na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e no Regulamento de Disciplina Urbanística (D 28/1999) e no Real Decreto 2009/2009 polo que se modifica o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955.

ARTIGO 2º.—ACTOS SUXEITOS A LICENZA.

1.—Con carácter xeral, están suxeitas a licenza de ocupación e de primeira utilización á que se refire el art. 194.2 da LOUGA, a primeira utilización das edificacións resultantes de obras de nova edificación e a ocupación daquelas edificacións, unidades edificatorias e locais resultantes de obras de reforma parcial, reforma xeral, consolidación ou rehabilitación, nas que houbera modificación do uso ao que se destinan ou ben alteracións na intensidade dos usos pre-existentes; as citadas construcións deberon ser executadas conforme a unha previa licenza urbanística e de conformidade co instrumento de planeamento urbanístico vixente no concello.

2.—Así mesmo, están suxeitos á citada licenza, a primeira, segunda e posteriores ocupacións dos edificios, construcións, establecementos e instalacións seguintes:

a) Aqueles erixidos licitamente con anterioridade á entrada en vigor do instrumento de planeamento urbanístico vixente no concello, e que resultaren desconformes con el mesmo.

b) Os destinados a usos ou actividades autorizados con anterioridade á entrada en vigor do instrumento de planeamento urbanístico vixente no concello, e que resultaren desconformes con el réxime de usos previsto nel.

c) Os erixidos sen licenza o en contra das súas determinacións e dos que se descoñezan os seus antecedentes administrativos e a respecto dos cales teñan prescrito as infraccións urbanísticas que puideran terse cometido e teña transcorrido o prazo para o exercicio da potestade de reposición da legalidade urbanística e restablecemento do orden xurídico perturbado, sen que a mesma se teña exercitado.

d) Aqueles erixidos licitamente conforme ao instrumento de planeamento urbanístico vixente no concello, que dispoñan de licenza de ocupación o primeira utilización, e respecto dos cales sexa preciso formalizar un novo contrato coas empresas subministradoras de servizos ás que se refire o art. 8 da presente Ordenanza, motivado nun cambio de titularidade do inmoble ou do alugueiro do mesmo.

3.—En ningún caso será de aplicación esta Ordenanza nos seguintes casos:

a) Os erixidos sen licenza ou en contra das súas determinacións, e a respecto de cales non teña prescrito a infracción urbanística que puidera terse cometido e/ou non transcorrese o prazo para o exercicio da potestade de protección da legalidade urbanística e restablecemento do orden xurídico perturbado.

b) Edificacións, construcións, establecementos e instalacións situadas en Dominio Público o en terreos de titularidade do concello.

ARTIGO 3°.—FINALIDADE.

A licenza de ocupación e de primeira utilización é un acto de intervención administrativa na actividade dos administrados no que se verifica e comproba si o edificio reúne as axeitadas condiciones de seguridade e salubridade, segundo as normas urbanísticas e as regras da licenza, e que ten por finalidade exclusiva:

1.—Nos supostos previstos no apartado 1 do art. 2 da presente Ordenanza, os seguintes:

a) Comprobar que o edificio construído e a urbanización realizada simultaneamente, no seu caso, se teñen realizado de conformidade co proxecto técnico, axustándose a totalidade das determinacións contidas neste e as condicións impostas na licenza de obras concedida no seu día.

b) Comprobar que o construído reúne as condiciones de habitabilidade e hixiene, seguridade e solidez.

c) Confirmar que o edificio pode destinarse ao uso previsto.

2.—Nos supostos previstos no apartado 2 do art. 2 da presente Ordenanza, as finalidades da licenza serán las comprendidas en las letras b) y c) del apartado anterior, e deberá recoñecerse expresamente á situación de fora de ordenación en que puidera incorrer o edificio, construción, establecemento o instalación.

TÍTULO II.- PROCEDIMIENTO

ARTIGO 4°.—SOLICITUDE DE LICENZA.

1.—Os interesados en obte-la licenza de ocupación e de primeira utilización dos edificios, establecementos e instalacións en xeral, presentarán unha solicitude dirixida á Sra. Alcaldesa, segundo o modelo existente nas oficinas municipais, xunto coa documentación que se sinala nos apartados seguintes.

2.—Nos supostos previstos no artigo 2.1 da presente Ordenanza, os documentos que deberán achegarse coa solicitude son:

a) Identificación clara da edificación para á que se solicita a licenza na documentación gráfica do planeamento xeral vixente, acompañando de fotocopia da licenza de obras e do anexo de obras de urbanización se fora o caso, así como o informe do técnico municipal no que conste a recepción das obras de urbanización a realizar simultaneamente coas de edificación.

b) Deberá achegarse Certificado Final das obras, expedida polos Directores Técnicos das mesmas, debidamente visado polo colexio profesional e acompañado das fotografías de estado actual no que se faga constar de xeito expreso que: a edificación foi realizada baixo a súa supervisión e executada cumprindo coas condicións establecidas na licenza de obras.

c) Certificado do Técnico Director das Obras visado polo colexio profesional no que se faga constar de xeito expreso que: as obras de urbanización foron executadas conforme as directrices establecidas polo Concello de Tomiño, que se cumpren as determinacións contidas no Proxecto Técnico achegado para a obtención da licenza de obras relativas a Habitabilidade, Salubridade, Seguridade Estrutural e de Utilización, Accesibilidade, Protección Contra Incendios e contra Ruído, Aforro Enerxético e acceso a Telecomunicacións, así como cumprimento das condicións de servizo das instalacións realizadas, así mesmo que lle ten achegado ao propietario a totalidade da Documentación prevista na lexislación sobre edificación: LOE e CTE, ou á regulación que a substitúa. Polo que o Director das Obras Certifica que a edificación pode empregarse para o uso que foi autorizado na licenza de obras.

d) Xustificación de ter presentado a solicitude para procede-la alta catastral da nova edificación e informe da oficina de xestión catastral acreditativo de que ten achegado a totalidade da información requirida.

e) Ter realizado a alta no Padrón do Lixo.

f) Xustificación de que ten incorporado á inscrición rexistral as condiciones que se tiveran imposto na licenza de obras se fora o caso.

g) Para edificacións e construcións, as certificacións dos responsables de entrada en servizo das distintas instalacións acreditando a súa correcta execución e dispoñibilidade para a entrada en funcionamento conforme ao regulado polas empresas subministradoras dos diferentes servizos: gas, electricidade, etc.

h) Documento no que se xustifique o cambio de titularidade, en seu caso.

i) No caso de vivenda sometidas a algún réxime de protección a calificación definitiva da mesma polo organismo competente.

3.—Nos supostos previstos no art. 2.2 da presente Ordenanza, a documentación será a seguinte:

a) Certificado emitido por Técnico competente no que se acredite, sen xénero de dúbida algún, á antigüidade de la edificación, construción, establecemento o instalación e se acheguen as probas que así o ratifiquen.

b) Certificado emitido por Técnico competente no que se acrediten que se cumpren as condicións de habitabilidade, hixiene, seguridade e solidez, e que reúne tódalas condicións precisas para o uso ao que se vai destinar. O certificado incluirá a documentación gráfica precisa para unha completa descrición da obra, construción, establecemento o instalación, así como a súa situación sobre a documentación gráfica do planeamento que se atope vixente e o emprazamento no que fagan constar os elementos públicos do contorno e as súas dimensións (viarios, zonas verdes, etc).

c) Cando sexa necesario aplica-lo réxime de fora de ordenación, o certificado técnico describirá pormenorizadamente que parte da edificación se atopa afectada polo mesmo e os preceptos da normativa vixente que se incumpren.

d) Xustificación da alta catastral da edificación ou de ter presentado a solicitude para proceder a mesma da nova edificación e informe da oficina de xestión catastral acreditativo de que se ten achegado toda a documentación requirida.

e) Ter realizado a alta no Padrón do Lixo.

f) Documento que xustifique o cambio de titularidade, no seu caso.

ARTIGO 5°.—PROCEDEMENTO.

1.—Para as edificacións, construcións, establecementos e instalacións erixidas coa concesión de licenza urbanística e que resulten conformes co planeamento xeral vixente no momento da solicitude, incluídas nos supostos previstos en el art. 2.1 de la presente Ordenanza, o procedemento será o seguinte:

a) Iniciado o procedemento a instancia da persoa interesada, impulsarase de oficio en todos os seus trámites, obténdose da Oficina Técnica Municipal os informes preceptivos, legalmente previstos, e aqueles outros que se xulguen precisos para resolver.

b) Os informes técnicos e xurídicos farán constar que no expediente se atopan os Certificados Técnicos nos que os técnicos responsables da obra ratifican os contidos descritos no artigo anterior e os certificados das empresas concesionarias dos servizos urbanísticos sobre a viabilidade da posta en servizo dos mesmos, polo que a edificación pode destinarse aos usos previstos, segundo a documentación achegada e tras a visita realizada. No caso de desconformidade das obras executadas, esta farase constar no informe técnico coa descrición do desaxuste e a posibilidade de legalización, debendo o informe xurídico pronunciarse sobre o procedemento de restauración da legalidade e o inicio do correspondente expediente.

